

**CARLOS ABRAIRA**

**"VIXENCIA DE CASTELAO NAS  
NOVAS XERACIONS GALEGAS"**



**BOS AIRES**

**1961**

Valor \$ 10.- m/ax.

## VERBAS LIMIARES

*Poucas veces fixen cousa máis agradabel ao longo da miña militancia galeguista, que ésta de presentar aos lectores o xoven Carlos Abreira. Agradabel, por dúas razóns; por coñecelo dende moi pequeno, dadas as miñas cordiais relacións co as familias de onde él procede; as de Cela e Abreira, que dende fai moitos anos honran a nosa colectividade; i en cuíos fogares, ten a nosa Patria galega un altar sempre aceso de amor pras súas tradicións e unha viva sensibilidade pra comprensión dos seus problemas. E tamén, porque, adolescente xa, o seguin nos seus estudos feitos con auténtica vocación de estudoso, e pol-o gran intrés que ten pola Terra dos seus maiores e a paixón que sente pol-os seus inxentes e arduos problemas, como o demostra esta notable conferencia.*

*Este mozo, Carlos Abreira Cela, dentro de uns meses terminará os estudos da carreira de Medicina. Ao mesto tempo que seguía daprendendo as rigurosas asignaturas da devandita disciplina científica, adicouse as investigacións inherentes a mesma, publicando varios traballos, i enviando*

outros a congresos científicos. Agora mesmo, acaba de mandar un traballo sobre psiquiatría a un congreso que vai a reunirse axiña no Canadá. Isto, pon de manifesto as súas relevantes condicións intelectuais. Carlos Abaira, é un rapás aitivo, inqueda, con forte senso de responsabilidade. Paralelamente a estos estudos, colaboraba en revistas de carácter estudantil. Temas políticos, sociais, económicos, literarios. . . , en fin, toda a inquietude dunha xuventude ardorosa, sempre alerta e atenta aos problemas do cotidiano vivir. Nesta forxa ardente, formou él o seu carácter de xurdio militante.

Os seus estudos universitarios, non lle impidiron adicarse con paixón ao estudo dos problemas galegos, que él coñece como poucos, a pesar da súa xuventude. Pra esto, tuvo e ten no fogar paterno unha escola permanentemente alerta a todo acontecer galego; unha tribuna galeguista, vertical e insobornabel; n'elas familiarizouse, dende moi pequeno, cos eternos problemas da nosa Terra. No seu fogar, puido escoitar moitas veces as ensinanzas, a palabra elocuente e sabia do ilustre mestre do galeguismo: Castelao, cúa doutrina asimilou craramente, como o demostra a hermenéutica que fai dela na conferencia que prologamos.

Carlos Abaira, ingresou no movemento Galeguista, fará pronto unha década. A él levou a súa

certeira visión dos problemas galegos, esposta en varios discursos e conferencias, dictados en institucións da colexividade galega. Foi, ademais, un aitivo segredario das Mocidades Galeguistas, e redactor do orgao oficial das mesmas, o periódico "Adiante".

Agora, nos entrega esta vigorosa conferencia, que os galeguistas de Montevideo lle pediron pra conmemorar o undécimo aniversario da morte de Castelao. Deixamos que os lectores a xusguen. Pra nós, é d-unha craridade diáfana, de limpa beleza literaria, de prosa espelida, de forte convicción, e unha interpretación cabal do ideario galeguista.

"Vixencia de Castelao nas Novas Xeneracions Galegas", e unha leición, e unha invitación, ou mellor dito, unha incitación a loita pras novas promocións galegas que están a incorporarse ao Movemento Galeguista. Esperamos que ela atope eco fervoroso.

Carlos Abaira, pertence, pol-o seu nobre idealismo e a súa riqueza espritoal, a unha xuventude de estrelas, como quería o poeta ilustre; él leva unha na frente. Que os seus destellos nunca deixen de brilar. Este é o fervente desexo de

FRANCISCO REGUEIRA.

Bós Aires, febreiro de 1961.

## "VIXENCIA DE CASTELAO NAS NOVAS XERACIONS GALEGAS"

Irmans Galegos:

Fai oxe once anos, deixaba o mundo material a máis outa figura galega dos tempos modernos, sinon a máis lúcida e integral de toda a nosa vida secular como povo diferenciado. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao é o home símbolo da Nosa Terra, na súa agonía milenaria por acharse a sí mesma, en toda a súa potencialidade humán e no seu entronque coas loitas modernas, que son as que nos poden dar a culminación da tan anxeiada liberdade.

I é pra falar de ese significado crucial de Castelao que veño oxe a este fogar de fillos da Cruña, a cidade predestiñada a ser capital de Galiza libre e democrática, a falar neste fogar galego asentado en Montevideo, que é a súa vez capital da Galiza emigrada e ideal, como a chamara asimismo o noso Castelao. E falarei da nosa visión aitual da súa soma augusta, que sigue presidindo ás nosas inquedanzas, da nosa visión de xóvenes galeguistas, dos que tñamos dez ou doce anos nos tempos do seu pasamento, dos que nos fixe-

mos soldados das súas doutriñas sendo nados na emigración, e que, —sin desintegrar a nosa convivencia co novo mundo americán, no cal nacimos, ou nos criamos ou desenrolamos a nosa cotidianidade—, temos sempre no noso corazón unha chama acesa de fidelidade á terra, que permanentemente ancorada ás beiras do Atlante inmenso, olla esperanzada e seréa o xermolar da súa semente, que feita rexuvenecida colleita, sumarase ao grande esforzo definitivo que os novos tempos, a eclosionar no mundo enteiro, prantexarán á Nosa Terra.

### OS EMIGRADOS

Porque nas novas épocas. —xa se dixera n'outras ocasións— terá decisiva importancia a influencia das orgaizaciones galegas da emigración, non somentes ao traveso dos galegos que ano a ano van engrosando ás súas fieiras, sinón tamén por intermeio dos seus fillos, educados e mantidos en permanente contaito con un meio galego nas nosas entidades; a miúdo máis conscente, máis vontade, máis varilmente galego que o da mesma Terra-Nai.

O feito da emigración galega é un movemento colectivo que acada novas perspectivas pra Galiza, de tal maneira afundida nun sono secular de

postergación, de postración e frustración, que ten desesperada necesidade de non deixar perder cada oportunidade que os acontecementos históricos lle oferescen. E falo de acontecementos históricos refiríndome non somentes ás grandes datas políticas, de eisplisivo transcórren, sinón especificamente aos movementos que eclosionan con máis lentitude pero que siñifican ao fin unha mais grande revolución.

E o galego, povo de matices, de xuicio moi antergo e moi nobre, é máis incrinado a valorar xustamente os acontecementos de menor casca e rubosidade eisterior, mais de ricaz e zumoso contido. E xustamente ¡qué profunda e qué traumatizante revolución non será ise desgazar interminabel dos mellores e máis robustos homes pra dar toda a súa forteza, toda a súa maturidade produtiva a terras alleas e lonxanas! E por outra banda, que mañíficas reaidades pode construír isa comunidade galega da emigración eistendida ó traveso das inmensidades e latexando, respirando, sufrindo e vivindo coa propia vida de Galiza europea, xunguida a ela cún camiño de barcos, indo e traíndo homes e cousas, e por un camiño de esqueletos no fondo do Atlántico, “testimoño oculto e dramático”, como o chamaba Castelao. “da nosa comunicación con América”. ¿Non amostrou a emigración ó mundo e a nosoutros mesmos, nembargantes todas as súas

doorosas impricanzas, o noso valor pra procurarnos destiños mellores, pra fuxir da inxusticia, da realidade económica e social estereotipada i esclerosada da Península?

Non é por certo a emigración un fenómeno diño de eloxios, en ningún intre, mais amóstramos as nosas potencialidades, destruindo vigorosamente o mito mesetario do noso ruralismo ou da nosa falla de azos.

### *CASTELAO E A EMIGRACION*

Ben o vé Castelao cando dí coa súa punzante captación dos nosos feitos:

“Ainda que os factores económicos fosen d-abondo para explicar o fenómeno migratorio de Galiza, o certo é que nós sabemos andar pol-o mundo a cata de benestar, e que os demais hespañoes morren de fame con tal de non enfiaren camiños descoñecidos. Os galegos sabemos arranxar os papeis e pedir un pasaxe de terceira; sabemos agacharnos nas bodegas dun trasatlántico cando non temos diñeiro; sabemos pillar estradas c-un fatelo ao lombo ou empurrando a roda de amolar; sabemos abrir fronteiras pechadas e pedir traballo en todas as linguas, sabemos en fin, canto debe saber un bó camiñante, ainda que o viaxe sexa o primeiro da nosa vida”.

E Castelao, amáis de todas as súas facetas, foi tamén, por si faltara algo pra que sintetizara o vivir e o loitar galego, un home da emigración. Criado n'ela, voltou á Terra feito un home, e os azares da historia leváronno a pasar os seus derradeiros anos e a morrer nas mesmas terras da súa mocidade.

Non foi estéril esperencia ésta: porque lle permitiu coñecer e valorar as grandes posibilidades dos galegos en América, e foi xustamente no desterro onde escribeu as súas mellores páxinas políticas.

### *O HOME MULTIPLE. O HOME SIMBOLO*

I é por todo esto que nos interesa a todos nós agora coñecer e aprehender a sinñificanza aitual de Castelao, pra aproveitar as súas esperencias i ensinamentos, pra refacelas en síntesis renovadoras. E porque con él o povo galego nembargantes a parálisis histórica que o envara tivo a sorte de achar n-il o guieiro máisimo, o líder que resumeu en sí as angurias i as arelas do noso vivir, e que o fixo dun xeito lúcido e realista como nunca o tivéramos, cun senso tan nídiamente e á vez tan integralmente galego e galeguista, pondo e antepondo a nosa Terra por enriba de todas as aitividades e preocupaciós da súa vida, que poidérase afirmar que

pra un historiador lle bastara estudar a súa obra en conxunto pra establecer de modo preciso os estadios pol-os que atravesaba a vida galega nas súas diferentes eispresións: no seu arte, na súa literatura, na súa cultura nacional, nas súas eispresións políticas.

Tense dito e repetido que Castelao era un home dos que se daban no Renacemento, pol-a multiplicidade no seu quefacer, e isto con ser un tópicó, hay que dilo e repetilo outra vez, porque no caso galego, Castelao, como os Renacentistas, supleu as carencias múltiples que ao igoal que á Europa que se desperguizaba no fin da Edade Meia padecía e aínda sofre a nosa Terra. En todo chegou con voce e modos novos, en todo sacudeu as augas estancadas do provincialismo cursi que, nembargantes os Precursores do século dezanove, afo-gaba as nosas vilas, que terían que ser os naturais receptáculos dos nosos módulos inteleituaes e culturaes superiores.

O valor da súa presenza é que con él a nosa Terra acada unha figura eiscrusivamente súa e á vez de valor continental; e si ben a Galiza non lle faltaron endexamáis grandes persoalidades (gobernantes, inteleituaes, homes de armas) temos que recoñecer con dóor que elas foron a cotío ou pol-omenos casi sempre, unha eispresión máis da nosa entrega ó alleo, cando non un factor principalísimo

de estranxeirización. E Castelao, entroques, puxo todó ao servicio da liberación da Patria, dos seus xugos perennes, con senso militante e intransixente. O fixo non somentes por crér que d-ese xeito se achegaría a recuperación da nosa diñidade nacional, sinon, fundamentalmente, porque así o seu amor á terra, ós nosos homes e ós nosos nenos convertíase en laboura positiva pra achar os camiños da súa felicidade, da súa abundanza, do seu progreso; pois sabía moi ben —como o sabemos todos— que estes camiños están indisolublemente ligados á nosa autodetermiñación plea.

Non falarei agora do Castelao pintor que coas súas láminas fireu a sensibilidade do noso pobo, preparándoo pra o rexurdimento; nin do investigador, que achou novas roitas na nosa cultura tradicional poñendoa ó nivel dos tempos modernos, acumiando no seu “As Cruces de Pedra na Galiza”, con 1.000 amorosos dibuxos d’eses monumentos do arte anónimo galego; nin do literato que plasmou a gracia popular en formas superiores.

### *O LOITADOR*

Castelao, que era un revolucionario como artista, como arqueólogo, como escritor, deuse conta que a roita definitiva da nosa redención estaba na laboura directa. D-ese xeito o Castelao autén-

tico está tamén no Castelao patriota, o Castelao do seu libro "Sempre en Galiza", o Castelao do Partido Galeguista, e o dos seus escritos políticos en "A Nosa Terra", vector da preocupación pola Patria galega de dúas xeneracións enteiras; e o Castelao que fixo tomar estado parlamentario ao Estatuto de Autonomía de Galiza nas Cortes xunghidas en Monserrat, en plea guerra civil, o orgaizador que estroiturou por primeira vez nos tempos modernos un orgaísmo representativo da vontade nazonal galega, respetando a derradeira elección do noso povo feita en libertade, e cristalizando o Consello de Galiza, constituído nun acto no Ateneo desta mesma cidade de Montevideo; o home que nas Cortes Hespañas reunidas en México ante o fin da guerra (e a que se creía inminente caida do réxime nazi-feixista de Franco) logrou axuntar ós deputados galegos arredor do seu prestixio pra defender o noso Estatuto; é o persoeiro que aceptou ser ministro dun goberno republicán no eisilio pra levar a voce da Galiza á nova política pra Hespaña que estíbese a criar en Europa. Pescudando neste Castelao atoparemos a chave pra enxerguer todas as outras manifestacións da súa personalidade i o que é mais importante poderemos desenmascarar as intencioadas deformacións que xa comenzan a facerse encol da súa obra, dándoa parcialmente, ocultando hipócritamente o vertical e

limpo nazonalismo que a satura até os aspectos menos comprometidos.

### A POLITICA

I é, eiquí, onde eu quéro me detér- Cando a perenne preocupación galega de Castelao decatouse que sin a laboura política non íbamos a solucionar endexamáis os nosos monumentaes problemas, aferrollados con cemento e osificación de centenas de anos, afundiuse de cheo n-ela, onde demostrou que a política efeitiva pódenna facer tamén as xentes sin vocación pol-a aituación pública, mais con honradez e boa comunhicação coa reaidade circundante.

Os políticos teñen unha longa tradición de desprestixio no ollar do noso povo. O describe moi ben o noso guieiro en "Sempre en Galiza", onde analiza inaplacablemente a longa traiectoria de mentiras, de traicións, de desartellamento co país galego auténtico que ornou toda a vida política galega baixo o centralismo, dende as indiñas pleitesías da Xunta do Reino na Edade Moderna até as mostrencas Diputacións Provinciales, sin falar dos delegados perante Madrid, de cuia laboura quedámonos abraiados ate os que sabemos ben da súa incapacidade, pol-o reicidinte esquezemento e ñorancia das nosas reaidades máis ferintes i evidentes. E' que o político, refuxio do noso señoritismo, en-

quistado, coma sempre eistrano froito, no ritmo vidal da nosa Terra, non podía loxicamente ser máis que un fidel refrexo de esa grotesca imitación de burguesía que parasita as nosas cidades. Non se salvan d-esta verdade nin certos repubricáns, dos que a cidade da Cruña, o sabedes ben, tiña tradicional e inocuo criadeiro, con honrosas e coñecidas escepciós.

Eran os mata-cregos que mandaban a estudar ós seus fillos ós colexios de curas e que en conscente ou inconscente simbiosis coa monarquía non foron capaces de saír dos seus casiños pra levar, ¡cómo iban a facelo! as voces da libertade e as armas do progreso político aos meios campesiños das provincias, que foi e sigue sendo o máis auténtico da nosa povoación.

¿Qué política poidera esperarse dos que “cun mal entendido senso do bó gusto” (o describe crudamente Castelao) ríanse dos poucos vilegos e in-teleituaes de principios de século que comprenderon que non había mellor medio de achegarse ao povo e á súa dóor que falándolle na súa língoa, que facéndolle enorgulecer do xeito de sere campesiño, que é profunda, que é integralmente, que é ineluctablemente galego?

## O GALEGUISTA

Castelao, que por algo é exe o símbolo da Nación galega pra todos os grupos políticos democráticos, incorporouse ao Galeguismo, porque o galeguismo foi o primeiro intento de buscar solucións galegas aos problemas galegos, distintos sempre aos problemas dos outros países peninsulares, como mesmo o recoñeceron e o recoñecen (ao menos nas decraraciós e nos papeis) os movementos políticos hespañoes que afincan no social i económico as bases do seu traballo político e que por eso, vense obrigados a aituara carón das realidades e dise xeito a aceptar o feito das nacionalidades.

“Hespaña, función de concretos: Castilla, máis Cataluña, máis Euzkadi, máis Galicia”. Así o programou Castelao n-esta mesma cidade de Montevideo no Stadium Centenario en 1943. Así parecen recoñecelo as Orgaizaciós Democráticas Hespañoas do interior e do eisterior. Mais ¡coidado! que a esperencia das nosas vicisitudes políticas, narradas por outra parte por Castelao, non nos pode deixar crér nas verbas dos hespañoes non galegos, que fallos da sensibilidade patriótica que somentes da a terra ou o sangue ou o amore paixooal e irracional ó país, non están dispostos a renunciar á idea absorbente i empequenedora do que eles

chaman “la sagrada unidad de la patria”. I esto e certo ainda nos hespañoes mais progresistas.

### *A ESPERENCIA GALEGA NA SEGUNDA REPUBLICA*

Por outra banda, —i e necesario lér e relér a Castela pra enxerguelo en toda a súa mañitude— no decurso da historia non se acadan libertades ou conquistas pra os homes ou pra os grupos humáns, sexan clases, razas ou nacións, que non se haxan defendido e acadado con mil esforzos e tesós, e aínda con sangue, trunfante ou mártir. Non chegan as melloras por divina ou rexia vontade dende o Alto. O demostra a historia das minorías nacionais durante a Segunda República Hespañola. Cataluña conseguiu a súa antonomía e o brillante desenrolo da súa nación n-aqueles anos porque tivo a barileza de procramar a República Catalana un día antes que a Española e a de formar un Goberno catalán provisorio antes que o do mesmo tenor que aparecería en Madrid. O dí con moitísima máis autoridade que o que fala o noso máisimo Guieiro. Dí Castela: “Cataluña representa pol-a súa industria progresiva, a súa potencialidade económica e o seu nivel de vida social— tanto como o resto de Hespaña e, ademais, ten unha cidade populosa meirande que Madrid, portavoz abrouxador das aspiracións catalanas. E Cataluña xa era

autónoma de feito e de dereito cando se discutía o seu Estatuto. Tamén se lle debe algo a Euzkadi, porque tiña valedores precavidos no Goberno Provisional da República e as demandas bariles do nacionalismo vasco furaran máis d-unha vez os tímpanos da capital de Hespaña. Pero as aspiracións autonomistas de Galiza non pesaron ren no ánimo das Cortes Constituíntes”. E acrra máis adiante: “Que fixo Galiza? A nosa Terra esvaérase politicamente en xenerosidades innecesarias”...

...“E os federaes do pacto de Lestrove non exerceran dereito algún de iniciativa, agardando que a República Federal baixase do Centro”.

### *A INTOLERANCIA HESPAÑOLA*

Pero poderíanse dar máis testimoños aínda; sin necesidade xa de recurrir á voce galega de Castela. Numhas conversacións que co gallo dunha posibre Comunidade Ibérica de Nacións mantiveran en Londres ao findar a guerra europea destacados representantes das nazonalidades ibéricas (Castilla, Cataluña, Euzkadi e Portugal; o noso país, como sempre, non tomou parte, si ben foi considerada pol-os participantes como nazonalidade de que se integraría coas devanditas).

O home que falou a nome de Castela, o socialista Luis Araquistáin, dixo, cunha migalla de cinismo, que él non creía que as nacións minoritarias acadaran a súa soberanía par tratos ou vías pací

ficos, sinon pol-a protección dun estado máis forte ou pol-a forza trunfante d'elas mesmas. E como Castela era éla soia, máis forte e numerosa que os demais...

Velahí tendes craramente como un home d'ezquerdas, que pertencía a un partido que consiñaba no seu programa a "Confederación Republicana de las Nacionalidades Ibéricas", non podía recoñecer os dereitos de outra cultura e nación que a que él representaba, porque podería máis a mitoloxía e a soberba dun estado feito á medida dos intereses de Castela, que toda a súa posibel formación progresista e marxista. ¿Qué non se poderá agardar entón dun "español" de dereita ou francamente reaccionario!

Os caracterizou ben Castelao cando dí, naturalmente sin coñecer as decraracións que remato de contar, que se publicaron posteriormente: "Nacionalidad castelán priva o feito hexemónico, porque o seu feito diferencial está ben garantizado (o estado Hespánico é a fórmula imperialista de Castela.) Aman a liberdade, pero restrínxena ao seu favor. E son capaces de negala os demais".

### *O DEBER DOS GALEGUISTAS*

Castelao tivo ben en conta esta idiosincrasia centralista e por eso poido escribir no seu libro "Sempre en Galiza", na páx. 292, refiríndose ao problema da cultura:

"A intransixencia, con sernos antipática, é un deber de todo nacionalista galego cando ve que a Galiza se lle negan as garantías que necesita para desenrolar libremente a súa cultura i elevala, si pode a categoría de civilización". E o remarca máis adiante: "Frente á política asimilista dos casteláns non queda máis que un recurso: opór unha rexa acción nacionalista. A intransixencia dos galegos, frente á intolerancia de Castela, é un aito de indeclinable diñidade".

Os xóvenes galeguistas de oxe recollemos estas advertencias e as temos en conta pra a nosa laboureira de liberación nacional da Patria galega, a que inspirada nos ensinamentos de Castelao está a punto de prantexarse no prouísimo xiro da historia, pois son tempos estes en que vemos ós povos asoballados acadar a súa plenitude en revolucións estroitu-radas pol-as novas xeneracións, arriscadas, máis nunca cegas, que nos amosan co seu pleo coñecemento das realidade do seu país que non se deixan roubar o trunfo e completar as súas vitorias coas realizacións do tempo de paz.

Estes ideaes se concretan no noso anxeo de findar cumha situación que nos pón nos máis baixos niveles de vida da Península, cun territorio eistense como o de moitas esplendentes nacións de Europa e con tantas ou mellores posibilidades económicas.

*RESONANCIA DA SUA OBRA NO NOSO  
TEMPO*

Cando os xóvenes ollamos ese dibuxo de Castela onde uns labregos consumidos traballan a terra coa desesperación da fame baixo un ceo negro, e cun pé que dí, simplemente: "Os escravos do fisco", pensamos na Galiza transformada nunha grandeira granxa, orgaizada en cooperativas de produción que acaben co minifundismo retardatario, agravado pol-a cegueira dos gobernos, que levan a cantidade do noso gado a menos da metade do que tínhamos fai 25 anos; e pensamos no noso anxeio de rematar coa tuberculosis dos nosos vacunos, afectados en arrepiantes proporcións que repercuten nos altos índices de mortalidade infantil das nosas provincias (as estadísticas de mortalidade son as únicas estadísticas de abundancia que atopamos na nosa Terra).

Cando vemos aquel outro dibuxo, de esquemático movemento, onde unha nai leva ás rastras o seu fillo prá escola, mentras éste berra: "Non quero ir, porque o escolante pégame e a escola cheira que fede", tencionamos en construír escolas limpas e modernas pra os nenos campesiños, onde non se lles deforme pra sempre a personalidade impoñendolle unha fala allea nos máis tenros anos, i onde se lles ensine os rudimentos indispensables

da cultura e da técnica, capacitación mínima pra a vida do campo ou do traballo, e de que se lles faga no seu idioma, diño de respecto, non somentes por sere noso, sinon tamén por constituír ún dos principaes do mundo, vector de preto de 100 millóns de almas a traveso de súa filla, a lingua portuguesa.

Cando volve a golpear nos a conciencia isa outra estampa, onde unha masa de emigrantes enche un peirao, mentras no primeiro plano unha familia labrega, —o home, tosco e groso, contrastando co desamparo dum neno de brazos, esbozado pol-a cabeciña asomando sobor do seu lombo, mentras a muller, a seu lado, chora,— e unha lenda ó pé que dí: "En Galiza non se pide nada. Emígrase"; ou aquel outro dibuxo onde un moribundo, xa esquelete no seu leito de dóor, tén o tíduo, sinxelo e tráxico: "O fracasado da emigración", pensamos e nos propoñemos unha Galiza ceibe e adiantada, onde acabemos con ese permañente desangrar da nosa mellor a máis forte poboación, non por lei ou por decreto, sinon pol-a libre determinación dos nosos rapaces de quedarse na súa Terra porque alí sí, dunha vez, se lles dean as posibilidades que agora teñen que ir a buscar fora.

## OS OUXETIVOS DOS MOZOS

As novas xeneracións, seguindo a Castelao, pensamos na liberdade da Terra pra aproveitar pra novas industrias a nosa enerxía hidroeléctrica, que oxe vaixe prá terra castelá, onde alimenta planes industriaes antieconómicos. A queremos pra orgaizar a nosa esplotación forestal, sin arruinar terras úteis pra labradío, pra orgaizar a nosa industria pesqueira e conserveira, as nosas industrias artesanaes en formas economicamente productivas, repartindo as utilidades entre os que as traballaron, facendo desaparecer, por inútil, o señoritismo folgazán das nosas vilas.

E sabendo todo esto coidamos que nós, os galegos, de dentro e fora de Galiza, seremos os que poderíamos reaizalo, moito mellor por ser problema noso, que o mellor gobernante eistrano. E que d-este xeito, de igoal a igoal, xa libres do centralismo grotescamente imperialista e dos intréses monopolistas de Barcelona ou Madride, nos entenderemos definiñtivamente co resto da Península, servindo así de ponte cordial coa nosa irmá Portugal, pra que nunca máis, ningún neno, poida decir o que aquel do grabado de Castelao, á beira do Miño :“E os da banda de alá, son máis estranxeiros que os de Madri?”.

Este é o programa, esta é a guía que as novas xeneracións recibiron do Mestre.

## NECESIDADE AITUAL DE ESTUDAR NOVAMENTE A CASTELAO

Irmáns Galegos: Eu recoméndovos que leiades e meditedes arreo sobor das esperencias do problema de Galiza e do seu enfrentamento coa política hespañola que minuciosamente describe Castelao no seu monumental “Sempre en Galiza”. Todos ouvimos decir por algús que as circunstancias vividas pol-a xeneración que culminóu tráxicamente en 1936 son anacrónicas oxe, que os seus problemas están caducos, que as súas solucións son paveras e temos que atopar outras. Mais eu recórdovos que os povos que teñen a memoria fraca véñense obrigados a sufrir o dobre, cando non a abandonar toda esperanza de mellora, afundidos en irreversible postración. E que os problemas da Galiza non nasceron con Franco, veñen de máis lonxe, veñen dos tempos casi remotos en que deixamos o noso destiño pra embarcarnos nas vicisitudes do Estado máis absurdo e atrasado de Europa. Que as solucións que traballosamente deron os nosos devanceiros poden ser inadecuadas oxe, mais que temos que coñecelas pra amelloralas, non sexa que por iñoralas non cheguemos nin a elas.

I é absolutamente necesario que cada galego ás coñeza, porque ó destiño de cada ún está indisolubelmente artellado co dá súa comunidade e co da súa patria. Por exemplo: todos nos estamos oxe eiquí, pol-a postración económica do noso país que provocóu a emigración de un millón de galegos. De ser Galiza un país ó nivel de progreso de calquera outro similar europeo —a mesma extensión, similar ubicación xeográfica— estaríamos igoal eiquí? E do mesmo xeito, todos e cada ún temos algunha responsabilidade nas venturas ou desventuras do povo á que pertencemos, e non falo somentes dos nados en Galiza, falo tamén dos que levamos o sangue galego nas nosas veas.

A Galiza está tan necesitada da concencia e percepción das súas augurias pol-os seus fillos que cada ún que os coñeza e os faga coñecer, pode ter un valor imponderábel. E a nosa probe Terra tén tamén o arregueixo de que cada galego sexa capaz de arrepresentala e de falar no seu nome si fixera falla, pra compensar as incontables ocasións en que non soupo dar a súa voce, ou aínda peor, a deu mal ou con mezquindade. A circunstánza de que vosoutros sexades emigrados ou fillos da emigración, non vos descarga d-esta obriga; eu diréi máis, vol-a arreuenta. Todo emigrado sigue pertencendo á comunidade galega, que somentes na súa mitade permanece no noroeste da Península

Ibérica. O povo galego, —como conxunto humán — forma unha comunidade de cinco millóns de seres espaxados en moitos e moi distantes lugares do mundo. E son os galegos ou os seus fillos que permanecen fora dos eidos nativos os que integran a parte máis aitiva, máis progresista, con máis posibilidade de coñecemento dos feitos e das cousas e tamén de refacelas, pois oxe por oxe, o atraso galego vése multiplicado pol-a insaciable dictadura que o aferrolla, e que a vosoutros non vos chega na súa teima coutadora dos pulos reivindicadores do povo.

#### *A LABOURA CONCRETA DE CADA INTRE*

E como podedes comprir con esa obriga pra Galiza?

Pois en todas as actividades da nosa vida; no traballo e no fogar, usando a nosa lingua entre os galegos, pois é o instrumento de intervencellación entre os distintos sectores da nosa comunidade, léndo os libros galegos, aituando con inquedaanza patriótica nas nosas entidades, axudando a coñecer os problemas galegos ós compatriotas que non teñan concencia d-eles; sendo homes bós, cultos e íntegros, co orgulo da vosa estirpe e da vosa raza, mais con respecto e amore ós outros homes e ás outras razas.

Con todo esto respetarémonos a nos mesmos como galegos, que é condición previa pra que os demais nos respeten como homes.

Píдовos esto porque sei que non sodes indiferentes, porque o feito de que vos teñades achegado a iste fogar galego pra honrar a Castelao, amos- tra que tedes devoción pol-a súa persoalidade, e con elo, por todo o que siñifica de cordial comu- nidade cos galegos "bós e xenerosos", que o noso grorioso Himno invoca prá redenzón da Terra, e devoción pol-o que elo siñifica tamén de lexítimo desexo de atinguir tempos mellores pra o noso país e pra o noso povo, vendo reaizados os soños de felicidade e progreso que acabamos de esbozar.

I aos nosos mortos non os honoramos simple- mente adicándolles homaxes sinon na nosa diaria aitude de consecuencia co seu sacrificio.

Si Castelao pode escoitar n-este intre o noso ho- maxe, si a emoción d-este grupo de homes e mu- lleres que aquí viñemos a lembralo, poidera che- gar ao curruncho do universo onde il se atopa, tende a seguridade que a ledicia do seu esprito, estará en ver que iste fermoso espeitáculo dun po- vo a honrar a seu Mestre non fina aquí, sinon que continúa no profundo de cada ún, pra que poida eclosionar en cada intre en labouras fecundas aprot da nosa Galiza eterna.

¡Terra, a Nosa!

**Un grupo de galeguistas, amigos do autor d'esta notable conferencia, considerando do máis outo intrés político e patriótico o seu contido, resolveu editalo pol-a sua conta, como un ho- maxe máis a memoria inmortal de Castelao, e como perenne afirmación das súas ensinanzas.**

ESTE LIBRO  
REMATOUSE DE IMPRENTAR  
EN ARTES GRAFICAS  
ALFONSO RUIZ  
G. URQUIZA 564/8  
BOS AIRES,  
O DIA 28 DE FEBREIRO  
DE 1961